

calquera outro que se dirixa a favorecer a calidade do emprego.

b) O traballador afectado pola extinción do contrato de traballo deberá ter cuberto o período mínimo de cotización ou un maior se así se pactou no convenio colectivo, e cumprir os demais requisitos exixidos pola lexislación de Seguridade Social para ter dereito á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva.»

**Disposición transitoria única.** *Réxime aplicable aos convenios colectivos anteriores á entrada en vigor desta lei.*

As cláusulas dos convenios colectivos celebrados con anterioridade á entrada en vigor desta lei nas cales se pactase a extinción do contrato de traballo polo cumprimento por parte do traballador da idade ordinaria de xubilación consideraranse válidas sempre que se garanta que o traballador afectado teña cuberto o período mínimo de cotización e que cumpra os demais requisitos exixidos pola lexislación de Seguridade Social para ter dereito á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva.

O disposto no parágrafo anterior non afectará as situacións xurídicas que acadasen firmeza antes da citada entrada en vigor.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Valencia, 1 de xullo de 2005.

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**11371** *REAL DECRETO 718/2005, do 20 de xuño, polo que se aproba o procedemento de extensión de convenios colectivos.* («BOE» 157, do 2-7-2005.)

A Lei 24/1999, do 6 de xullo, procedeu a modificar o artigo 92.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, referido á extensión de convenios colectivos, e introduciu cambios substanciais na súa regulación. Como consecuencia disto, resulta necesario modificar, tamén substancialmente, a norma regulamentaria que ata o de agora desenvolvía o disposto no indicado artigo 92.2 do Estatuto dos traballadores, que foi aprobada polo Real decreto 572/1982, do 5 de marzo.

Razóns de seguridade xurídica fan aconsellable a aprobación dunha norma que regule de maneira completa o procedemento de extensión de convenios colectivos, á vista da nova redacción do citado artigo do Estatuto dos traballadores, o que se leva a cabo mediante este real decreto.

O procedemento de extensión de convenios colectivos que se aproba presenta como novidades respecto da anterior regulación o recoñecemento da competencia

para resolver o procedemento, segundo os casos, ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou ao órgano correspondente das comunidades autónomas, así como a adecuación dos trámites do procedemento ao prazo máximo legalmente establecido de tres meses de duración.

Nesta nova regulación tívose especialmente en conta o acordado, no seu momento, pola Confederación Española de Organizacións Empresariais, a Confederación Española da Pequena e a Mediana Empresa, a Unión Xeral de Traballadores e a Confederación Sindical de Comisións Obreiras, no marco da Comisión de Aplicación e Interpretación do Acordo Interconfederal para a Cobertura de Baleiros de 1997. Estas organizacións, dando cumprimento ao establecido no Acordo interconfederal de negociación colectiva de 2003, prorrogado para 2004, dirixíronse ao Goberno e puxéronlle de manifesto a inexistencia dunha norma regulamentaria conforme coa nova redacción do artigo 92.2 do Estatuto dos traballadores, para regular o procedemento de extensión de convenios colectivos.

Por outra parte, o texto deste real decreto recolle o consenso acadado entre o Goberno e as organizacións empresariais e sindicais antes citadas no marco do diálogo social aberto coa «Declaración para o diálogo social 2004: competitividade, emprego estable e cohesión social», subscrita o 8 de xullo de 2004. Ademais, este real decreto foi consultado a todas as organizacións sindicais e empresariais que teñen a consideración de máis representativas.

Este real decreto dítase de conformidade coa disposición derradeira primeira da Lei 24/1999, do 6 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de xuño de 2005,

### DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto do procedemento.*

1. O procedemento regulado neste real decreto ten por obxecto a extensión das disposicións dun convenio colectivo en vigor no suposto e condicións previstos no artigo 92.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

2. Cos efectos previstos no artigo 82.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, poderanse estender as disposicións dun convenio colectivo en vigor de ámbito superior ao de empresa a unha pluralidade de empresas e traballadores ou a un sector ou subsector de actividade pertencentes ao mesmo ou a similar ámbito funcional ou con características económico-laborais equiparables, tendo en conta a actividade onde vaia ser aplicado e que non estean vinculados por convenio colectivo, calquera que fose o seu ámbito, polos prexuízos derivados para aqueles da imposibilidade de subscribir no dito ámbito un convenio colectivo dos previstos no título III do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, debida á ausencia de partes lexitimadas para iso.

No caso de inexistencia de convenio colectivo que se poida estender con ámbito de aplicación superior ao de empresa, poderase estender subsidiariamente, con carácter excepcional, un convenio de empresa a unha pluralidade de empresas e de traballadores ou a un sector ou subsector de actividade de análogas condicións económicas e sociais.

## Artigo 2. *Competencia.*

1. O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais será competente para coñecer e resolver os procedementos de extensión de convenios colectivos cando o ámbito da extensión abrangue todo o territorio nacional ou o territorio de máis dunha comunidade autónoma.

2. Os órganos correspondentes das comunidades autónomas serán competentes para coñecer e resolver aqueles procedementos de extensión de convenios colectivos cando o ámbito da extensión se circunscriba ao seu correspondente territorio ou a ámbitos inferiores deste.

## Artigo 3. *Iniciación do procedemento.*

1. O procedemento para a extensión de convenios colectivos iniciarase sempre por instancia de parte lexitimada.

2. Estarán lexitimados para solicitar a iniciación do procedemento de extensión de convenios colectivos os suxeitos que estean lexitimados para promover a negociación colectiva no correspondente ámbito da extensión, conforme o disposto no artigo 87.2 e 3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

## Artigo 4. *Instrución do procedemento.*

1. A solicitude, que se formulará por escrito, dirixirase ao ministro de Traballo e Asuntos Sociais ou ao órgano correspondente das comunidades autónomas e deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

a) Unha certificación do rexistro de convenios colectivos correspondente xustificativa de que non existe inscrición que acredite a vixencia de convenios colectivos nas empresas, sectores ou subsectores para os cales se solicite a extensión.

b) Un certificado expedido pola oficina pública competente, acreditativo da concorrencia dos requisitos de lexitimación sinalados no artigo 3.

c) A acreditación de que concorren os presupostos legais necesarios para a extensión do convenio colectivo solicitado e unha memoria descritiva dos prexuízos que a ausencia de convenio colectivo lles ocasiona ás empresas e aos traballadores afectados, así como sobre os elementos que permitan valorar o disposto no artigo 1.2 deste real decreto. Na memoria deberá constar o código que, segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas aprobada polo Real decreto 1560/1992, do 18 de decembro, lles corresponde aos ámbitos afectados pola extensión solicitada ou, en defecto do dito código, os datos precisos que lle permitan á Administración actuante a súa identificación.

De conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non se deberán presentar aqueles documentos que xa se encontren en poder da Administración actuante.

As solicitudes poderanse presentar en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. A iniciación do procedemento anunciarase no «Boletín Oficial del Estado» ou, de ser o caso, no diario oficial da comunidade autónoma e nun dos xornais de maior circulación no ámbito territorial para o cal se solicita a extensión, para os efectos de información pública e posible intervención dos interesados.

## Artigo 5. *Actos de emenda e preparación do procedemento.*

1. No caso de que se observen defectos na solicitude presentada, o órgano instrutor do procedemento requirirá, no prazo de tres días, a súa emenda, que deberá ser realizada no improrrogable prazo de 10 días, baixo apercibimento de que, se así non se fixer, se terá por desistida a solicitude, logo de resolución que se deberá ditar nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. No suposto de se alegar coa solicitude a existencia de documentos existentes en poder da Administración pública actuante, o órgano instrutor do procedemento requirirá no prazo de 48 horas a certificación da oficina pública correspondente ou a emisión do correspondente documento, que deberá ser emitido no prazo dos dous días seguintes.

## Artigo 6. *Solicitude de informe ás organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas.*

1. No prazo de cinco días, computado desde o momento en que se conte con toda a documentación exixida, o órgano instrutor do procedemento solicitará, con carácter preceptivo, o informe das organizacións empresariais e sindicais máis representativas do seguinte modo:

a) Cando o órgano competente sexa o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, o devandito informe solicitaráselles ás organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas tanto no nivel estatal como autonómico.

b) Cando o órgano competente sexa das comunidades autónomas, o devandito informe solicitaráselles ás organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas no nivel estatal e, no caso de existiren, ás do ámbito da comunidade autónoma de que se trate.

2. O contido dos informes versará sobre a necesidade de proceder á extensión solicitada ou, pola contra, sobre a inexistencia de razóns xustificativas para proceder a ela.

Estes informes serán emitidos no prazo dos 15 días naturais seguintes, contados desde a recepción da súa solicitude.

## Artigo 7. *Solicitude de informe do órgano consultivo correspondente.*

1. Emitidos os informes das organizacións sindicais e asociacións empresariais mencionadas no artigo anterior, ou transcorridos os prazos establecidos sen que os ditos informes fosen emitidos, o órgano instrutor do procedemento solicitará con carácter preceptivo o informe do órgano consultivo correspondente. O devandito informe terá a consideración de determinante para os efectos do previsto no artigo 83.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, co que interromperá o prazo dos trámites sucesivos, e isto sen prexuízo do disposto no artigo 42.5.c) da citada lei.

O informe versará sobre a concorrencia das circunstancias establecidas no artigo 92.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, para a extensión de convenios colectivos, e no artigo 1.2 deste real decreto.

2. A Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos será o órgano consultivo competente para emitir o informe preceptivo sinalado no punto anterior nos procedementos que sexan da competencia do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Nos procedementos que sexan da competencia dos órganos correspondentes das comunidades autónomas poderáselle solicitar informe á dita comisión para os efectos previstos no punto anterior, ou ao órgano consultivo similar.

3. O prazo de emisión do informe a que se refiren os puntos anteriores será de 30 días.

#### Artigo 8. *Resolución.*

1. Recibido o informe do órgano consultivo correspondente, darase por concluída a instrución do procedemento.

2. O ministro de Tráballo e Asuntos Sociais ou, de ser o caso, o órgano correspondente das comunidades autónomas ditarán a resolución e notificarana no prazo de tres meses computados desde a data en que a solicitude tivese entrada no correspondente rexistro ou, de ser o caso, da súa emenda. A devandita resolución porá fin á vía administrativa.

3. Transcorrido o prazo sen que recaese resolución expresa, entenderase denegada a solicitude.

#### Artigo 9. *Contido da resolución.*

1. A resolución administrativa que se dite decidirá motivadamente, en función da concorrencia das circunstancias establecidas no artigo 92.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no artigo 1.2 deste real decreto, sobre a procedencia ou non da extensión das disposicións do convenio colectivo solicitado ao ámbito requirido carente de regulación. A resolución poderá decidir, ademais, sobre aquelas disposicións do convenio colectivo que resulten inaplicables, con especial consideración das cláusulas obrigacionais.

2. A aplicación do convenio colectivo estendido producirá efectos desde a data de presentación da solicitude ata a finalización da vixencia inicial ou prorrogada do convenio colectivo estendido, sen prexuízo do establecido nos artigos seguintes.

#### Artigo 10. *Renovación da solicitude.*

1. Substituído un convenio estendido por un novo convenio colectivo, as partes lexitimadas poderán solicitar do ministro de Tráballo e Asuntos Sociais ou do órgano correspondente das comunidades autónomas, no prazo dun mes contado desde a publicación no «Boletín Oficial del Estado» ou no diario oficial da comunidade autónoma correspondente do novo convenio colectivo, que se dite unha nova resolución sobre a necesidade de estender o novo convenio publicado, por non se teren modificado as circunstancias que deron lugar á extensión inicial, e achegaranse as consideracións que se consideren oportunas sobre a súa necesidade.

2. A resolución administrativa que se dite decidirá motivadamente, en función da modificación ou non das circunstancias previstas no artigo 92.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no artigo 1.2 deste real decreto que deron lugar á extensión inicial.

3. O prazo para ditar e notificar a resolución administrativa será dun mes computado desde a data en que a solicitude teña entrada no correspondente rexistro, e os prazos establecidos para os informes a que se refiren os artigos 6 e 7 reduciranse á metade.

4. Os efectos da nova resolución de extensión de convenio colectivo retrotraeranse á data de inicio de efectos do convenio estendido.

#### Artigo 11. *Situacións posteriores á extensión.*

1. Se, durante a vixencia da extensión dun convenio colectivo, se modificasen ou desaparecesen as circunstancias que deron lugar á resolución de extensión por parte do órgano competente, calquera das partes afectadas poderá promover a negociación dun convenio colectivo propio nos termos previstos no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e comunicarlle tal decisión ao órgano competente. Promovida a negociación dun convenio colectivo, a teor do disposto no artigo 89.1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, a parte receptora da comunicación de iniciación das negociacións non se poderá negar a ela por razón da vixencia da extensión. De as partes acadaren un acordo que conclúa na subscripción dun convenio colectivo, comunicaranllo ao órgano competente, que ditará unha resolución que deixe sen efecto a extensión.

2. Finalizada a vixencia inicial dun convenio colectivo que fose obxecto de extensión, se as partes lexitimadas para solicitar a extensión de convenios colectivos tivesen coñecemento da existencia dun convenio colectivo máis acorde coa realidade sociolaboral do seu ámbito, poderán solicitar do órgano competente a substitución do convenio estendido por esoutro convenio colectivo, indicando a necesidade da dita substitución, e iniciarán o procedemento de extensión regulado neste real decreto. Durante a tramitación da nova solicitude de extensión de convenio manteranse vixentes os efectos do anterior convenio estendido ata a nova resolución do procedemento.

A resolución administrativa que se dite decidirá motivadamente sobre a procedencia ou non da indicada solicitude de extensión, en función da concorrencia das circunstancias establecidas no artigo 92.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no artigo 1.2 deste real decreto, así como da adecuación do convenio á realidade sociolaboral do ámbito para o cal se solicita a extensión.

#### Artigo 12. *Rexistro, depósito e publicación.*

A resolución administrativa que estenda un convenio colectivo deberase depositar, rexistrar e publicar de conformidade co previsto no artigo 90.2 e 3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

#### Disposición adicional única. *Información entre administracións públicas.*

De conformidade cos principios que rexen as relacións entre administracións públicas establecidos no artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o Ministerio de Tráballo e Asuntos Sociais e os órganos correspondentes das comunidades autónomas informaranse reciprocamente sobre as resolucións administrativas polas cales se estenda un convenio colectivo ditadas no exercicio das súas competencias.

#### Disposición transitoria única. *Ámbito de aplicación temporal.*

As solicitudes de extensión formuladas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto rexeranse polo disposto no Real decreto 572/1982, do 5 de marzo, no que non se opoña ao artigo 92.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Disposición derogatoria única. *Alcance da derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e expresamente o Real decreto 572/1982, do 5 de marzo, polo que se desenvolve o artigo 92.2 do Estatuto dos traballadores, sobre extensión de convenios colectivos.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais, no marco das súas competencias, para ditar as disposicións que sexan precisas para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,  
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**11466** *ORDE PRE/2132/2005, do 30 de xuño, pola que se modifica o anexo do Real decreto 2257/1994, do 25 de novembro, polo que se aproban os métodos oficiais de análise de pensos ou alimentos para animais e as súas primeiras materias.* («BOE» 159, do 5-7-2005.)

O Real decreto 2257/1994, do 25 de novembro, polo que se aproban os métodos oficiais de análise de pensos ou alimentos para animais e as súas primeiras materias, incorpora, entre outras, a primeira Directiva da Comisión, do 15 de xuño de 1971, pola que se determinan métodos de análise comunitarios para o control oficial dos alimentos para animais (71/250/CEE).

Esa directiva foi modificada ultimamente pola Directiva 2005/6/CE da Comisión, do 26 de xaneiro de 2005, pola que se modifica a Directiva 71/250/CEE no relativo á presentación de informes e á interpretación dos resultados analíticos conforme os requisitos da Directiva 2002/32/CE.

Mediante a presente orde incorpórase a citada Directiva 2005/6/CE, a través da oportuna modificación do Real decreto 2257/1994.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira primeira do Real decreto 2257/1994, que faculta os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para modificaren o anexo cando iso sexa consecuencia da modificación da normativa comunitaria e teña que ser incorporada pola Administración do Estado.

Na tramitación da presente orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, logo de informe da Comisión Intermi-  
nisterial para a Ordenación Alimentaria, por proposta das

ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo do Real decreto 2257/1994.*

O punto 1.5 do anexo do Real decreto 2257/1994, do 25 de novembro, polo que se aproban os métodos oficiais de análise de pensos ou alimentos para animais e as súas primeiras materias, queda redactado da seguinte maneira:

«1.5 Resultados. O resultado que se mencionará no boletín de análise será o valor medio obtido a partir de dúas determinacións polo menos. Agás disposición en contrario, expresarase en porcentaxe da mostra orixinal, tal como chegase ao laboratorio. O resultado non debe incluír máis cifras significativas que o que permita a precisión do método de análise.

Polo que se refire ás substancias indesexables a que se refire o Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal, incluídas as dioxinas e os PCB similares ás dioxinas, considérase que un produto destinado á alimentación animal non cumpre os requisitos relativos ao contido máximo establecido se se considera que o resultado analítico excede o contido máximo, tendo en conta a incerteza expandida de medida e a corrección en función da recuperación. A concentración analizada corrixida en función da recuperación e a incerteza expandida de medida subtraída utilízase para avaliar a conformidade. Só se aplica nos casos en que o método de análise permite a estimación da incerteza ampliada de medición e a corrección en función da recuperación, non é posible, por exemplo, en caso de análise microscópica.

O resultado analítico comunicárase como segue, na medida en que o método de análise utilizado permita estimar os índices de incerteza de medición e de recuperación:

- a) corrixido ou non corrixido en función da recuperación, con indicación da modalidade de comunicación e o nivel de recuperación;
- b) como «x +/-U», onde x é o resultado analítico e U a incerteza ampliada de medición, utilizando un factor de cobertura de 2, o que dá un nivel de confianza do 95 % aproximadamente.»

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

A presente orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1, regras 13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o 16 de febreiro de 2006.

Madrid, 30 de xuño de 2005.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Sras. ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo.